

**COMUNICADO DOS AFECTADOS
POLA POSIBLE INSTALACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONIA MÓBIL DE VODAFONE NO
LUGAR DE COSTA GRANDE -CHANS (CELA)**

En Bueu, a 7 de novembro de 2007

En relación a noticia feita publica da posible instalación dunha antena de telefonía móbil da compañía VODAFONE no lugar de Costa Grande en Chans (Cela), vimos a informarlles que onte se presentaron no Concello de Bueu, en sinal de protesta contra a citada instalación, cerca de 650 firmas.

A maior parte das firmas recollidas son de veciños preocupados polos posibles efectos perniciosos sobre a saúde asociados a este tipo de antenas. Existen, actualmente, numerosos estudos científicos, de laboratorio e epidemio16xicos -entre os que cabe destacar, pola súa especial relevancia, os realizados pola Organización Mundial da Saúde e pola Comisión Europea -nos que se vinculan estas instalacións, emisoras de campos de radiofrecuencia e ondas electromagnéticas, a problemas graves de saúde como: insomnio, fatiga crónica, nerviosismo, fallos de memoria, dores de cabeza, depresión ... e outros, se cabe aínda mais graves, como o cancro, os problemas cardiovasculares e os efectos xenotóxicos que afectan, en maior medida, a maiores e nenos. Non existe certeza absoluta sobre a súa inocuidade, precisamente, esa incertidume supón, para moitos, unha ansiedade difícil de soportar.

Cada vez aparecen máis noticias en prensa, radio e televisión en contra das antenas de telefonía móbil e, teñan ou non fundamento científico, O certo e que "calan" na opinión pública. O que mais nos preocupa e a nosa saúde e a das nos as familias, pero tamen nos preocupa que, de establecerse na zona a citada antena, a corto e medio prazo, as nosas propiedades se poidan devaluar, pois ninguén quere vivir preto dunha fonte de perigo.

O beneficio social que poida supor esta antena non compensa, nin moito menos, os riscos para a nosa saúde, por mínimos que estes sexan, nin o dano ambiental e paisaxístico que se poida causar.

O tema das antenas de telefonía móbil non e novo en Bueu, pois xa se pretenderon colocar, con gran polémica, no seu día, antenas en Castrelo e no Xistro.

A nivel estatal e a nivel autonómico non existe un marco normativo claro, O que si existe, a nivel local, e un acordo plenario, adoptado por unanimidade, en sesión celebrada o 6 de marzo de 2000, en contra da proliferación deste tipo de instalacións no noso Concello. A moción, que deu lugar ó citado acordo, foi proposta polo grupo municipal do BNG. Entre as medidas propostas aprobouse a seguinte: "*O Concello non otorgará ningunha Licenza para a instalación de postes de telefonía móbil nas inmediacións dos núcleos de poboación, en tanto non entre en vigor a Lexislación oportuna que garante con rigor o mantemento das condicións estético-ambientais do contorno, a ausencia de impacto ambiental, a non agresión paisaxística, os feitos nocivos sobre a saúde, o aloxamento dos núcleos de poboación e o compartir as instalacións coas restantes empresas de telefonía móbil.*

A situación actual e idéntica a de hai sete anos, se acaso peor, pois cada día hai mais operadores en competencia, por iso, os afectados pedímoslle ó Sr. Alcalde e ó seu grupo de goberno, que, en virtud da moción aprobada, no seu día, non permitan -a lo menos ata que non exista unha normativa especifica- a proliferación, inxustificada e indiscriminada, de antenas de telefonía móbil polo noso concello, mais aínda cando se pretenden colocar as mesmas preto das nosas casas e dos nosos lugares de esparcemento, traballo e lecer, sen mencionar o impacto medioambiental e paisaxístico que supón na zona e a perda considerable de valor das nosas propiedades.